



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OUTES

Bases reguladoras de subvencións para actividades de índole cultural e deportiva de interese público 2025

PRIMEIRA. FINALIDADE E OBXECTO

Estas bases conteñen os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais dirixidas á promoción do asociacionismo, á realización de actividades culturais, así como ao apoio e promoción do deporte no municipio de Outes. As subvencións concederanse consonte ós principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência, non discriminación e igualdade, para prestar servizos e realizar actividades que complementen ou substitúan ós de competencia municipal ou que, en xeral, beneficien os intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio.

As actividades realizaranse con suxeición á normativa aplicable e, en especial:

- ao artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- ao artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- ao artigo 40.2 do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, da Lei das facendas locais
- aos artigos 23 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais
- á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ao RD 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións

SEGUNDA. ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes actividades, sempre e cando as organicen entidades que teñan a súa sede no termo municipal de Outes, ou ben entidades que, sen ter a sede no termo municipal, realicen unha parte significativa da súa actividade nel ou teñan como persoas beneficiarias/destinatarias unha pluralidade de veciños e veciñas do municipio.

a) Actividades culturais: gastos correntes derivados de celebracións, exposicións, concursos, certames, mostras, excursións, conferencias, estudos, etc., e en xeral, actividades dirixidas á conservación, promoción ou divulgación das tradicións e valores culturais propios do municipio de Outes.

b) Actividades deportivas : gastos correntes de funcionamento e/ou participación en campionatos deportivos como fichas de inscrición en competicións, desprazamentos, mantemento de instalacións, etc. ou organización doutras actividades deportivas de interese público.

Serán subvencionables as actividades que se desenvolvan ao longo do exercicio 2025.

Non son subvencionables os gastos derivados da adquisición de bens inventariables como inmobles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e, en xeral, os que teñan o carácter de investimento ou equipamento. Tampouco son subvencionables os gastos financeiros, notariais, de rexistro, periciais, multas, sancións e recargas administrativas ou penais nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

A contía total máxima das subvencións convocadas na Área de Gasto 3.

Produción de bens públicos de carácter preferente é de 20.000,00 €, que se distribúe entre os seguintes créditos orzamentarios:

- 334.480.03: 14.000,00 €
- 341.480.03: 6.000,00 €

A devandita distribución ten carácter estimativo, e a súa alteración non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto antes da resolución da concesión.

Cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios e se outorgue expresamente á devandita distribución carácter estimativo, a alteración da antedita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto antes da resolución da concesión.

CUARTA. SOLICITANTES

Poderán solicitar estas subvencións as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, asociacións, as comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda que carezan de personalidade xurídica, poidan executar os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

As agrupacións sen personalidade xurídica deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como entidade beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Carecer de ánimo de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no territorio municipal de Outes ou sobre temas relacionados directamente con el.
- **No caso de asociacións ou entidades deportivas, estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións ou, noutro caso, solicitar simultaneamente a súa inscrición nese Rexistro.**
- Estar ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, deben cumprir este requisito todos os integrantes.

- Non incorrer en ningunha das causas de prohibición para percibir subvencións públicas que prevé o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, deben cumprir este requisito todos os integrantes.

QUINTA. CONDICIÓN E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

1. A contía das subvencións reguladas nestas bases non poderá, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, ou con outros ingresos ou recursos, propios ou alleos, superar o custo da actividade subvencionada.

2. As subvencións reguladas nestas bases son compatibles con outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, sen prexuízo do que dispoña a normativa reguladora destas últimas e sempre que se cumpra o requisito

previsto no apartado 1 anterior. **Non serán compatibles para asociacións que xa perciban subvencións nominativas do concello de Outes.**

3. Cada entidade poderá solicitar, como moito, dúas subvencións para actividades do mesmo programa ou unha subvención para cada un dos programas, dando prioridade, se é o caso, ás solicitudes presentadas.

4. O importe da subvención poderá acadar ata o 100% do orzamento dos gastos de cada solicitude.

5. O importe máximo subvencionable non poderá superar a suma máxima da subvención convocada.

6. Non se admitirá reformular as solicitudes presentadas, nos termos do disposto no artigo 27 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

SEXTA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A presentación das solicitudes por parte de persoas físicas realizarase no rexistro xeral do Concello de Outes ou en calquera outra das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no caso de solicitudes presentadas por parte de entidades con personalidade xurídica a presentación das solicitudes deberá realizarse de forma electrónica.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado ("Folla para a solicitude de subvencións e axudas" dispoñible na páxina web do Concello (<http://www.outes.ga>) / no apartado de impresos), acompañado da seguinte documentación:

1. Documentación acreditativa da representación da persoa que actúa e
2. n nome da entidade (**Anexo 1**). (Só para entidades CON personalidade xurídica)
3. Declaración dos membros integrantes da agrupación, asinada por todos eles e nomeamento do representante (**Anexo 2**). (Só para entidades SEN personalidade xurídica)

3. Memoria descritiva da actividade para a que se solicita subvención e orzamento estimado de gastos e ingresos da mesma (**Anexo 3**).

4. Acreditación de que o solicitante se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade Social, así como ao corrente no pago de obrigacións por reintegro de subvencións.

Presentarase a seguinte documentación, dependendo da contía da axuda solicitada:

- **(Contía igual ou inferior a 3.000 €)** Declaración xurada de que a entidade se acha ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non se atopa en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións (**Anexo 4.A**).

- **(Contía superior a 3.000 €)** Certificación expedida polos órganos competentes da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, e Seguridade Social (ou Certificado de non inscrición, no seu caso), acompañada de declaración xurada de que a entidade non se atopa en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións (**Anexo 4.B**).

5. Declaración doutras axudas para a realización da actividade (**Anexo 5**).

6. Declaración xurada de que non se modificaron os estatutos da Asociación (**Anexo 6**). (Só para entidades CON personalidade xurídica)

4. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o instructor do procedemento requirirá que se emende no prazo máximo de 10 días hábiles, coa advertencia de que, noutro caso, entenderase que a persoa interesada desiste da solicitude e esta será arquivada sen máis trámites.

5. Concluído o prazo de presentación de solicitudes, só se admitirán outras peticións para as actividades obxecto desta convocatoria de concorrer circunstancias novas ou causas imprevisible e excepcionais que impidan a súa presentación no prazo que prevén estas bases. A concorrencia desas circunstancias ou causas deberá xustificarse na solicitude e correspóndelle ao órgano municipal competente avaliar se é admisible. Neste caso, os requisitos, documentación e procedemento de concesión serán os previstos nestas bases.

SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

1. O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva.

2. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, levarase a cabo a **instrución do procedemento**, realizándose de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. A actividade de instrución comprenderá, no caso de resultar necesario, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver.

Deste xeito, unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión avaliadora emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e do Informe da Comisión avaliadora, formulará a **proposta de resolución provisional** debidamente motivada, que deberá **notificarse aos interesados**, en cumprimento do réxime de notificacións previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., e concederase un **prazo de dez días para presentar alegacións**.

A proposta de resolución expresará a **relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía**, especificando a **puntuación obtida e os criterios de valoración seguidos para efectualas**, así como a proposta de desestimación fundamentada do resto de solicitudes.

Os beneficiarios propostos deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución definitiva de concesión da subvención, que se achan ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, e que non se atopa en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións.

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polos interesados, formularase a **proposta de resolución definitiva**, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e, no seu caso, os criterios de valoración seguidos para efectualas.

3. O órgano competente para resolver a concesión das subvencións é a **Alcaldía da Corporación**.

4. A **Comisión avaliadora** estará formada polos seguintes membros:

- Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.
- Secretaria/o: o técnico de cultura que tramita o expediente ou a persoa na que se delegue, que actuará con voz pero sen voto.
- Vogais: o técnico de deportes, D. Carlos Romero Martínez; a Animadora Sociocultural D^a Rosa M^a Froján Caamaño; e a Concelleira de Facenda.

Para constituír validamente a Comisión deberán concorrer, polo menos, tres dos seus membros. A proposta da Comisión deberá ser adoptada co voto favorable da maioría simple dos membros asistentes á sesión. En caso de empate, decide o voto de calidade do presidente.

4. O **órgano instructor** será o técnico de cultura ou o funcionario ou funcionaria en quen delegue. O instructor poderá realizar de oficio as actuacións que xulgue necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se ditará a proposta de resolución.

5. A resolución da Alcaldía notificaráselles ás persoas interesadas segundo o réxime previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa advertencia de que no prazo de **7 días naturais deberán comunicar se aceptan ou renuncian** á subvención concedida.

Transcorrido ese prazo sen manifestación expresa das entidades beneficiarias, **a subvención entenderase aceptada tacitamente e publicarse no taboleiro de anuncios da Corporación a relación de subvencións concedidas e denegadas.**

6. O prazo de resolución e notificación do procedemento **non excederá o exercicio seguinte ao exercicio subvencionable.** O vencemento deste prazo sen resolución expresa significará a desestimación por silencio administrativo das solicitudes presentadas.

OITAVA. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A concesión e avaliación da contía das subvencións determinarase con suxeición aos seguintes criterios, que se valorarán de 0 a 10 puntos:

- a) Representatividade da entidade no municipio.
- b) Grao de interese xeral ou sectorial das actividades propostas.
- c) Número de beneficiarios e beneficiarias das actividades propostas.
- d) Coordinación e complementariedade das actuacións propostas cos programas municipais.
- e) Carácter permanente ou periódico das actividades.
- f) No programa de actividades deportivas, número de licenzas federativas e categorías nas que se desenvolven as actividades.
- g) Avaliarase o emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, quedando xustificada e acreditada polas entidades beneficiarias tras a realización da actividade subvencionada, e previa á concesión definitiva.

A puntuación mínima para a concesión de subvencións será de 5 puntos para todas as solicitudes agás no caso das solicitudes do programa de actividades deportivas nas que a puntuación mínima será de 6 puntos debéndose obter ademais polo menos 1 punto no apartado f) anterior. Para estes efectos, a memoria explicativa deberá expoñer a información relevante para avaliar as solicitudes consonte ós anteriores criterios, sen prexuízo de que o instructor do procedemento poida requirir documentación complementaria que xulguen necesaria.

NOVENA. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Son obrigas das entidades beneficiarias:

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro dos órganos competentes do Concello, nacionais ou comunitarios, e aportar a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao Concello se obtiveron outras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas cando coñeza esa circunstancia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación que lles deu aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade á proposta de resolución de concesión que está ao corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- f) Facer constar en todas as actividades que están subvencionadas polo Concello de Outes.
- g) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.
- h) En xeral, as que prevé o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- i) Empregar a lingua galega como lingua vehicular de desenvolvemento das actividades e proxectos subvencionados, así como os soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.
- j) Utilizar unha linguaxe non sexista, racista ou homófoba.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

1. Realizadas as actividades para as que se concederon subvencións, as entidades beneficiarias xustificarán os gastos e ingresos derivados delas. Para iso deberán presentar a **conta xustificativa no modelo normalizado** que está ó seu dispor na páxina web do Concello (<http://www.outes.gal/> no apartado de impresos). De non presentar en prazo e forma esa xustificación, perderán o dereito á subvención concedida.

2. **O prazo máximo para presentar a xustificación será o de 15 días hábiles desde que se notifique a concesión.** Excepcionalmente, cando a duración ou as datas de realización das actividades impidan presentar a conta xustificativa no antedito prazo, a entidade beneficiaria comunicarlle ó Concello esa circunstancia e sinalará a data límite na que presentará a conta xustificativa.

A Alcaldía, á vista desas actuacións, poderá autorizar outro prazo de xustificación.

3. As entidades beneficiarias deberán presentar xustificantes, como mínimo, pola totalidade da subvención outorgada.

En calquera caso, **o importe dos gastos que se xustifiquen documentalmente deberá ser igual ou superior á totalidade dos ingresos obtidos e declarados por calquera concepto (axudas ou subvencións públicas ou privadas, cotas de inscrición, cotas de socios, recursos propios, etc.) derivados da citada actividade.**

Os xustificantes corresponderán aos gastos ocasionados para cumprir as actividades e ás finalidades para as que se concedeu a subvención e non se admitirán gastos que non garden relación directa con elas nin a imputación de gastos indirectos, xerais ou de estrutura. Para estes efectos teranse en conta os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos e no orzamento presentado na solicitude de subvención.

4. Admitiranse como xustificantes as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán cumprir os requisitos do RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

En particular, deberán especificar os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como a base imponible, e o tipo e a cota de IVE aplicado. Os gastos de persoal xustificaranse por medio de nóminas asinadas polo perceptor e os TC1 e TC2 xunto cos xustificantes de pagamento.

5. **As entidades beneficiarias deberán presentar os xustificantes do pagamento das facturas aportadas na xustificación da subvención.**

6. **Se a documentación tivera defectos ou erros, dáselle á entidade beneficiaria un prazo de 10 días hábiles para emendalos e se non os emenda, procederase segundo o establecido nos artigos 30.8 e 37 da lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións.**

7. A subvención reducirase ata a contía correctamente xustificada cando a esta non acade o importe total da axuda outorgada. Se a suma total dos ingresos obtidos pola actividade, como se definen no apartado terceiro anterior, fose superior aos gastos debidamente xustificados, **reducirase o importe da subvención na contía en que os ingresos obtidos superen os gastos.**

8. A conta xustificativa será obxecto de avaliación polo órgano instructor do procedemento, que emitirá a correspondente proposta de resolución. A proposta de resolución será obxecto de fiscalización pola Intervención Municipal, con carácter previo á Resolución do expediente pola Alcaldía da Corporación.

UNDÉCIMA. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Outes aboará a subvención trala presentación e aprobación da conta xustificativa. **Con carácter excepcional, se se pide expresamente na solicitude e conta cunha motivación axeitada e suficiente, a Alcaldía pode acordar o aboamento da subvención con anterioridade á xustificación.**

DUODÉCIMA. INFRACCIÓNS E SANCIÓN. REINTEGRO DAS AXUDAS

O incumprimento, pola entidade beneficiaria, das súas obrigacións ou da finalidade da axuda dará lugar ao reintegro total ou parcial da subvención cos xuros de demora, nas condicións e de conformidade coa Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Con respecto ás infraccións e sancións son aplicables as disposicións do Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra a resolución do proceso de concesión de axudas, que pon fin á vía administrativa, procede a interposición de Recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía da Corporación, ou ben a interposición directa de recurso contencioso administrativo, consonte ó sinalado nos artigos 123 e ssg. da Lei 39/2015.

Outes, 10 de xullo de 2025

O Alcalde,

Asdo. Francisco Calo Abelleira

2025/4646